



RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN CALENDARIO LABORAL DOS EMPREGADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE CEE PARA O ANO 2025.

EXPEDIENTE DECRETO: 2024/G003/001128

ANTECEDENTES:

Considerando o disposto no artigo 94 da Lei 7/1985, do 2 de abril, que di: “A xornada de traballo dos funcionario da Administración local será en cómputo anual a mesma que se fixe para os funcionarios da Administración Civil do Estado. Aplicaranse as mesmas normas sobre equivalencia e redución de xornada.” Así como o disposto na Resolución do 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos.

Considerando o disposto no art. 37.1.m) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ás materias obxecto de negociación “referidas a calendario laboral, horarios, xornadas, vacacións permisos, mobilidade funcional e xeográfica, así como os criterios xerais sobre a planificación estratéxica dos recursos humanos, naqueles aspectos que afecten a condicións de traballo dos empregados públicos”.

Visto que o calendario laboral, xornada e horario do persoal empregado para o exercicio 2025 foi negociado na Mesa Xeral de Negociación na sesión celebrada o 27/11/2024 e 28/11/2024.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o calendario laboral do **Persoal Laboral** para o exercicio **2025**, e a regulación da xornada e horario conforme o **Anexo I** que se axunta ao presente acordo, e que terá vixencia para o ano 2025 e sucesivos, salvo modificación expresa por esta Alcaldía.

SEGUNDO.- Aprobar o calendario laboral do **Persoal Funcionario** para o exercicio **2025** (agás Policía Local), e a regulación da xornada e horario conforme o **Anexo II** que se axunta ao presente acordo, e terá vixencia para o ano 2025 e sucesivos, salvo modificación expresa por esta Alcaldía.

TERCEIRO.- Que o presente acordo expóñase na Sede electrónica deste Organismo, no Taboleiro da oficina municipal para xeral coñecemento dos interesados.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, na data da sinatura electrónica.

A alcaldesa, *Margarita Lamela Louzán*

A secretaria, *Rocío Hermida Cancela*

[Documento asinado electrónicamente]



ANEXO I

De Luns a Venres das 08:00 ás 15:00 horas.

Resto das horas ata completar a xornada (37,5 H): localizables a disposición das necesidades do servizo, como se detalla:

SERVIZO XERAL REPARACIÓNS	TARDES LOCALIZABLES (DAS 15:00 ÁS 17.30)
Capataz Encargado dos Servizos	Luns
Electricista	Mércores
Fontaneiro	Martes
SERVIZO DE MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS	
Oficial de 1ª mantemento cemiterios	Luns
SERVIZO DE DEPORTES	
Técnico de Deportes	Martes
Oficial de 1ª mantemento polideportivos	Mércores
ÁREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	
Traballadora Social	Luns
Coordinadora Centro Social	Martes
Directora CIM	Martes
Orientadora Laboral	Luns

*Horarios determinadas Áreas/Servizos:

Peona Cafetería Centro Social	De Luns a Venres das 09:30 ás 13:00 H e das 15.30 ás 19:00 horas. Disponibilidade de Luns a Venres das 19:00 ás 19:30 H.
Peona Limpeza de dependencias	De Luns a Venres das 14:00 as 19:00 H (25 H/semanais)
Conserxe CEIP Vila de Cee	De Luns a Venres das 09:00 ás 16:30 H (37,5 H/semana)
Responsable Casa Cultura Ameixenda	INVERNO: de Luns a venres das 16:30 ás 20:30 H (20H/semana) VERÁN: de Luns a Venres das 10:00 ás 14:00 H.
Avogada do CIM	Luns e Mércores das 09:00 ás 15:00 H (12H/semana)



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

Técnica Especialista en Xardín de Infancia	Deberá cumprir horario de acordo coa empresa adjudicataria do Servizo
Peón Limpeza Viaria	Deberá cumprir horario de acordo coa empresa adjudicataria do Servizo
Oficial 1ª Servizo limpeza Viaria	Deberá cumprir horario de acordo coa empresa adjudicataria do Servizo
Oficiais 1ª Servizo Resollida de Resíduos (2)	Deberá cumprir horario de acordo coa empresa adjudicataria do Servizo

Adóptanse os seguintes acordos:

1. A festividade de Santa Rita (xoves 22 de maio), día non laborable tal e como indica o Convenio Colectivo trasládase ao Venres 23 de maio de 2025.
2. Os días 24 e 31 de decembro non se traballará.
3. Festivos locais no ano 2025, son o 16 de xuño (San Adrián de Toba) e o 24 de xuño (San Xoan).
4. A xornada laboral terá un horario xeral de 08:00 a 15:00 H con horario de disponibilidade cofnorme consta na táboa reflectida.
5. Os traballadores: Conserxe CEIP Vila de Cee, Responsable Casa Cultura Ameixenda, Avogada do CIM e Peón Cafetería Centro Social realizarán un horario de traballo efectivo conforme se indica na táboa.
6. Os traballadores poderán facer uso dos días de asuntos propios que legalmente procedan conforme ao establecido no artigo 17 do Convenio Colectivo.
7. Vacacións: queda pendente a súa fixación.
8. O persoal laboral de oficios na rúa non poderá coller vacacións no período comprendido entre o 20 de xullo e o 20 de agosto de 2025, debido ás necesidades do servizo.



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

ANEXO II

De Luns a Venres das 08:00 ás 15:00 horas.

Resto de horas ata completar xornada: localizables a disposición das necesidades do servizo, como se detalla:

POSTO DE TRABALLO	Tarde/s localizable/s (DAS 16:30 H ÁS 19:00 H)
Tesourería	Luns
Administrativo Xefe do Negociado de Secretaría Xeral, padrón, censo e urbanismo	Mércores
Administrativo Xefe do Negociado de Secretaría Xeral e Contratación	Xoves
Secretaría Xeral	Xoves
Intervención	Martes
Técnico de Desenvolvemento Local	Luns
Técnico de Xestión (Departamento de Cultura)	Luns
Arquitecto Técnico	Martes
Técnica Xestión Biblioteca*	---
Auxiliar Administrativa Notificadora	Martes
Auxiliar Administrativa	Luns
Arquitecta	Mércores

Horario da Técnica Xestión Biblioteca: de 9.15 a 13.30 e de 16.30 a 19.45 horas (horario atención ó público: 9.30 a 13.30 e 1630 a 19.30 horas). En verán, do 17 de xuño ó 30 de setembro, de 8.00 a 15.00 horas, (horario atención ó público: 8.00 a 14.00 horas).

Adóptanse os seguintes acordos:

1. A xornada laboral terá un horario xeral de 8.00 a 15.00 horas (coa salvedade da bibliotecaria como se pode ver na táboa anexa a este documento).
2. O cómputo semanal da mesma será de 37.5 horas polo que se completará a diferenza a través duns cuadrantes de dispoñibilidade de gardia (ver táboa anexa).
3. Os traballadores poderán facer uso dos días por asuntos propios que legalmente procedan nas



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

pontes ou nos días de nadal respetando as necesidades do servizo.

4. A festividade de Santa Rita (xoves 22 de maio) día non laborable tal e como indica o convenio colectivo, trasládase ó venres 23 de maio.
5. Festivos locais: luns 16 de xuño (San Adrián) e martes 24 de xuño (San Xoán)
6. Durante a Semana Grande das Festas (do 11 ó 14 de agosto), o horario das oficinas municipais será de 9.00 a 13.30 horas.
7. Os días 24 e 31 de decembro non abrirán as oficinas municipais, agás o Rexistro Xeral en horario de 9.00 a 13.30 horas. O persoal que traballe estes días gozará dun día adicional de asuntos propios por cada día traballado.
8. No referente os períodos de vacacións: distribuiranse en función do servizo como se viña facendo ata o de agora procurando non coller máis de dúas semanas seguidas coa excepción de secretaría, intervención e biblioteca.